

RELATOS BREVES, JULIO CORTÁZAR

O 16 de novembro xuntámonos de novo co alumnado de 1º de Bacharelato, esta vez para comentar varios relatos breves do fantástico autor arxentino Julio Cortázar. Escollemos nesta ocasión dúas historias moi diferentes tanto en contido como en extensión: “Cartas de mamá” e “La casa tomada”.

As dúas escollas son exemplos maravillosos do carácter fantástico da narrativa do seu creador. Do primeiro caso destacamos que a fantasía provén dunha alucinación provocada pola culpa dos protagonistas. No segundo caso, o elemento fantástico maniféstase nunha presenza inverosímil e indeterminada que provoca a expulsión da parella de irmáns protagonistas do seu propio fogar.



Debemos destacar o gran interese que ambos contos despertaron no alumnado participante no Club. Todos e todas se mostraron profundamente sorprendidos ante a capacidade de Cortázar para provocar coa súa narración tanto o desacougo como o estrañamento dos lectores.

